



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 09/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e cinco.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 31 de xullo de 2025, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coas abstención do Sr. Blanco Viqueira e Sra. Vieites Calvo, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. RECTIFICACIÓN DE ERRO NUMÉRICO DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE PXOM.

Expediente de rectificación de erros documento aprobado definitivamente PXOM (2025/U032/000002).

Visto que mediante Orde da Vicepresidenta segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 13 de decembro de 2023 (DOG nº 243, de data 26 de decembro de 2023) foi aprobado definitivamente o PXOM, inscrito con data 29/01/2024, no Rexistro de Ordenación do Territorio e Plan Urbanístico de Galicia, na Sección II, Libro I, Tomo III, folla rexistral 71, co número ROTPG/P/8/2024. Inscripción que foi modificada con data 15/03/2024, e inscrita na Sección II, Libro I, Tomo III, folla rexistral 83, co número ROTP/P/20/2024.

Visto que unha vez aprobado definitivamente o PXOM, publicadas as súas ordenanzas e entrado este en vigor, polo equipo redactor do documento aprobado definitivamente detectouse o seguinte erro:

Erro numérico na ficha normativa de solo urbano non consolidado P-OR-14 e da súa correlación cos demais documentos do PXOM (Documento Memoria Xustificativa do PXOM, Epígrafes: 3.3.1.2, 3.3.2.3, 3.3., 4, 6).

- Asignación incorrecta do coeficiente de edificabilidade asignado para o ámbito que indica que este é de 1,07 m²/m² cando o coeficiente correcto debe ser de 1,70 m²/m², resultado da estimación polo Pleno do Concello, con data 23/09/2020, a alegación nº 2805, de data 25/05/2016 (trámite información pública aprobación inicial PXOM, art. 60.6 Lei 2/2016, de 10 de febreiro).

Visto o erro anterior polo equipo redactor do documento aprobado definitivamente do PXOM proponse que se proceda a súa rectificación a efectos de garantir a integridade formal e xurídica do documento.

Visto o disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP) sinala: As Administracións Públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto que a rectificación de erro proposta despréndese da documentación obrante no expediente tramitado para a aprobación do PXOM, é evidente e fácilmente rectificable, sen que sexa preciso levar a cabo interpretacións xurídicas ou xuízos de valor ou unha modificación ou alteración do documento aprobado definitivamente.

Visto o documento elaborado polo técnico redactor do documento do PXOM aprobado definitivamente, no que se explica o obxecto desta rectificación de erros, a súa xustificación e alcance dentro dos límites fixados pola xurisprudencia para que se poda falar de que estamos ante unha rectificación de erros e esta non resulta improcedente.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 24/10/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é un erro que hai que subsanar, non ven maior obxección.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no pleno ordinario de 2024 o goberno municipal aprobou en solitario as correccións de erros nº 1 e nº 2 do PXOM de Ordes, contando coa abstención do BNG, como se indicaba na acta que nalgúns casos como é nos solos urbanos non consolidados POR-14 e POR-29 coa corrección de erros proposta prodúcese un incremento substancial da superficie residencial o que aumenta as vivendas resultantes e por tanto a demanda de servizos, non sabemos se o trámite pode ser considerado como corrección de erros ou precisaría dunha modificación puntual do PXOM. O pasado marzo de 2025 a Consellería de Vivenda e de Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia publicou no DOG a Orde de aprobación das citadas correccións de erros, excluindo da aprobación o aumento da edificabilidade proposta para o POR-14 e POR-29, expoñendo que non se pode considerar un erro material nas fichas da normativa e asignación dun 1,07 m²/m² de edificabilidade aos ámbitos, concluíndo que compre consideralo unha decisión de planeamento, cuxa supresión esixiría dunha modificación puntual PXOM, concordando co manifestado polo BNG no pleno ordinario de outubro 2024. Nesta volta propónse a denominada corrección de erros nº 3 na que se desiste do intento de incremento da edificabilidade establecida para o POR-29, propoñéndose algo semellante para o POR-14 co gallo de pasar duna edificabilidade de 1,07 m²/m² a un 1,70 m²/m². Para o BNG nada cambia con respecto ao pleno ordinario de outubro de 2024. Entenden como válidos e acaídos os mesmos argumentos expostos naquel entón. Isto supón un incremento do número de vivendas resultantes que invalida a xustificación da suficiencia das infraestruturas de saneamento e abastecemento efectuadas no seu día, que requiriría unha nova que recolla a resultante deste expediente e entenden que as denominadas correccións chegar a ser novamente consideradas como modificacións puntuais do PXOM, tal é como resolveu a Consellería no mes de marzo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en ningún momento se propón unha modificación do POR-14 e POR-29 con esta corrección de erros nº 3. A corrección de erros é necesaria para recoñecer unha alegación que foi aprobada favorablemente por unanimidade deste Corporación no ano 2020. Na reunión mantida coa Consellería explicóusenos o que acontecía co POR-14 e POR-29, no POR-14 non unha corrección en base a proposta realizada inicialmente de corrección da edificabilidade segundo a ordenación detallada, senón en base á alegación que é o que se está a facer aquí, mantense no POR-29 por que so procede a través dunha modificación puntual. Vostede fai o seu xogo político, a análise da corrección de erros dos documentos corresponde ao equipo redactor, é o que propón esta corrección. Non é unha cuestión arbitraria do equipo de goberno.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Rectificar o erro numérico na ficha normativa de solo urbano non consolidado P-OR-14 e da súa correlación cos demais documentos do PXOM (Documento Memoria Xustificativa do PXOM, Epígrafes: 3.3.1.2, 3.3.2.3, 3.3., 4, 6) segundo o documento elaborado polo técnico redactor do PXOM, que figura incorporado como anexo a esta proposta de acordo.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“O 7 de outubro de 2023, Hamás perpetró un atentado terrorista en Israel que causou a morte de máis de 1.200 persoas e o secuestro de 251 reféns —20 deles aínda con vida—. Dende o primeiro momento, o Partido Socialista e o Goberno de España condenaron enérxicamente estes ataques, esixindo a liberación inmediata e incondicional dos reféns, e mantendo encontros coas familias das vítimas.

A resposta militar do Goberno de Israel derivou nunha campaña de destrución masiva e desproporcionada que, tras case dous anos, afecta principalmente á poboación civil palestina. En Gaza rexístranse máis de 65.000 persoas falecidas, delas case 18.500 nenos e nenas; máis de 159.000 feridos; e case dous millóns de persoas desprazadas, moitas delas en repetidas ocasións, sen acceso garantido a alimentos, auga potable, atención médica nin refuxio seguro. En Cisjordania, os ataques de colonos ilegais armados provocaron desprazamentos forzosos, mortes, expropiacións ilegais e a expansión de asentamentos en territorios palestinos.

A catástrofe humanitaria é xa innegable. A Clasificación Integrada de Seguridade Alimentaria (IPC) confirmou a primeira fame oficial na historia de Oriente Medio, con medio millón de persoas en fase de fame (IPC-5) e máis dun millón en fase de emerxencia (IPC-4). A fame, a falta de auga e o colapso do sistema sanitario foron utilizados como armas de guerra. Ademais, máis de 21.000 nenos adquiriron algunha discapacidade dende o inicio do conflito.

As violacións do Dereito Internacional e do Dereito Internacional Humanitario son sistemáticas. Foron atacados hospitais, escolas, universidades, instalacións de Nacións Unidas e centros de culto. Máis de 230 xornalistas e máis de 500 traballadores humanitarios perderon a vida. O Tribunal Penal Internacional emitiu ordes de arresto contra dirixentes de Israel e de Hamás por crimes de guerra e crimes de lesa humanidade. Pola súa banda, o Tribunal Internacional de Xustiza ditaminou que a ocupación dos territorios palestinos é contraria ao Dereito Internacional e que Israel debe poñerlle fin de forma inmediata.

Neste contexto, España situouse á vangarda da acción internacional en defensa dos dereitos humanos do pobo palestino e da solución de dous Estados, Israel e Palestina, como única vía para unha paz xusta e duradeira. España foi dos primeiros países en acudir, xunto con Suráfrica, ao Tribunal Internacional de Xustiza para denunciar a situación en Gaza baixo o marco da Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio. En maio de 2024, o Goberno de España recoñeceu o Estado de Palestina, e dende entón traballou intensamente para sumar apoios internacionais, liderando iniciativas diplomáticas na Unión Europea e Nacións Unidas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

España demostrou ser o país do mundo que máis está facendo por Palestina. Nos últimos dous anos, o noso país triplicou as súas achegas á Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina (UNRWA), convocou a Cimeira Internacional de Madrid en maio de 2025, liderou propostas no marco europeo e impulsou medidas humanitarias e diplomáticas para deter a violencia, protexer a poboación civil e avanzar cara á paz. Entre estas accións destacan a promoción de varias resolucións da ONU para esixir o alto o fogo permanente, o apoio á acción do Tribunal Penal Internacional e do Tribunal Internacional de Xustiza, o envío de axuda humanitaria a Gaza, a detención da venda de equipamento militar a Israel e a creación dunha Alianza Global para implementar a solución dos dous Estados. Tamén apoiamos á sociedade civil israelí que está protestando nas rúas de Israel contra o goberno polo fin da guerra.

Neste contexto, no marco do Consello informal de Copenhague do 30 de agosto, que reuniu aos ministros europeos, o ministro de Asuntos Exteriores de España propuxo un Plan de Acción Urxente orientado a deter a violencia e protexer a poboación civil palestina. Este plan incluía medidas concretas como o embargo de venda de armas a Israel; o cumprimento das decisións do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Internacional de Xustiza respecto ao comercio cos asentamentos; a aplicación estrita das disposicións sobre dereitos humanos e dereito humanitario dentro do marco de cooperación con Israel, o que implicaría a suspensión inmediata de todos os programas conxuntos; a suspensión total do Acordo de Asociación con Israel —xa solicitado previamente polo Presidente do Goberno—; e o apoio activo á sociedade civil que promove a paz e o diálogo.

Este último mes, o Consello de Ministros, en resposta ao xenocidio en Gaza e en apoio á poboación palestina, acordou implementar nove medidas que anunciou o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, a principios de setembro. Entre estas accións destacan a aprobación urxente dun Real Decreto Lei que consolide xuridicamente o embargo de armas a Israel, establecendo a prohibición legal e permanente de compra, venda e transporte de armamento, munición e equipamento militar a ese país; a prohibición do tránsito por portos españois de barcos que transporten combustibles destinados ás forzas armadas israelís e a denegación de entrada ao espazo aéreo español a aeronaves estatais con material de defensa para Israel; a restrición do acceso a territorio español de quen participe no xenocidio, violacións de dereitos humanos ou crimes de guerra en Gaza; e a prohibición de importación de produtos procedentes de asentamentos ilegais en Gaza e Cisjordania, así como a limitación de servizos consulares a cidadáns españois residentes neses asentamentos á mínima asistencia legalmente obrigatoria. Así mesmo, refórzase o apoio á Autoridade Palestina mediante o incremento de efectivos na Misión de Asistencia Fronteiriza da UE en Rafah e a implementación de novos proxectos de colaboración en agricultura, seguridade alimentaria e asistencia médica; amplíase a contribución española á UNRWA con 10 millóns de euros adicionais; e elévase a partida de axuda humanitaria e cooperación para Gaza ata acadar os 150 millóns de euros en 2026.

No ámbito internacional, recentemente, o Parlamento Europeo aprobou unha resolución histórica sobre “A situación en Gaza: fame, liberación de reféns e avance cara á solución dos dous Estados”, impulsada baixo o liderado do Grupo de Socialistas e Demócratas (S&D). Este texto insta aos Estados Membros a recoñecer o Estado de Palestina e a adoptar medidas contundentes fronte ás violacións do dereito internacional cometidas polo Goberno de Israel, reclamando un alto o fogo inmediato, a liberación de todos os reféns e a entrega urxente de asistencia humanitaria. No seu discurso sobre o Estado da Unión de 2025, a presidenta da Comisión Europea, Úrsula von der Leyen, seguindo o liderado de España, condenou enérxicamente as accións do Goberno israelí en Gaza, cualificando a situación de “inaceptable” e denunciando o uso da fame como arma de guerra. Anunciou medidas por parte da Comisión como a suspensión parcial do acordo comercial entre a UE e Israel, o bloqueo da asignación de fondos bilaterais e propuxo sancións contra ministros israelís e colonos violentos, reforzando a necesidade dunha resposta firme e coordinada a nivel europeo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Así mesmo, a Comisión Internacional Independente de Investigación sobre os territorios palestinos ocupados, establecida polo Consello de Dereitos Humanos da ONU, confirmou que Israel cometeu actos xenocidas contra a poboación de Gaza, baseados na intención de destruír os palestinos mediante asasinatos, lesións graves, imposición de condicións de vida destinadas á súa destrución e medidas que impiden a natalidade, en violación da Convención para a Prevención e Sanción do Delito de Xenocidio de 1948. Esta mesma Comisión sinalou que estes actos non son illados, senón o resultado de décadas de ocupación e represión sistemática. Os concellos, como administracións máis próximas á cidadanía, non poden permanecer indiferentes. A defensa da dignidade humana, o respecto ao Dereito Internacional, ao Dereito Internacional Humanitario e a solidariedade con quen sofre son principios que forman parte dos valores democráticos das nosas institucións.

Por todo isto, o Grupo Socialista no Concello de Ordes somete a votación a seguinte moción:

ACORDOS:

1. Respalda a posición do Goberno de España en defensa da paz, a Cimeira da ONU sobre a solución de dous Estados e o respecto ao Dereito Internacional Humanitario, recoñecendo a Palestina como Estado.

2. Reiterar a absoluta condena ao xenocidio e á ocupación ilegal de Israel en Gaza e Cixjordania, defendendo as resolucións das Nacións Unidas e as fronteiras do 67.

3. Esixir ao Goberno de Israel activamente o alto o fogo inmediato e permanente.

4. Expresar apoio incondicional á liberación de todos os reféns e mostrar solidariedade coa sociedade civil democrática israelí que se manifesta en contra das accións do seu Goberno en Gaza.

5. Condenar enérxicamente todos os actos terroristas perpetrados por Hamás, incluídos os atentados do 7 de outubro de 2023 en Israel.

6. Apoiar as nove medidas anunciadas polo presidente do Goberno e o ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, no marco do Consello de Ministros, que constitúen un paquete pioneiro de accións para deter o xenocidio en Gaza, perseguir aos seus responsables e apoiar á poboación palestina.

7. Manifestar o seu apoio ás conclusións e recomendacións da Comisión Internacional Independente de Investigación sobre os territorios palestinos ocupados, establecida polo Consello de Dereitos Humanos da ONU, que denuncia a comisión de actos xenocidas en Gaza e reclama a adopción de medidas inmediatas para protexer a poboación civil e garantir o cumprimento do Dereito Internacional.

8. Apoiar as iniciativas e medidas adoptadas pola Unión Europea en defensa do Dereito Internacional Humanitario, a protección da poboación civil palestina e a promoción da paz e da solución de dous Estados.

9. Reiterar o apoio da Unión Europea e a Liga Árabe á Declaración de Nova York, adoptada na conferencia internacional da ONU presidida por Francia e Arabia Saudita, en favor da solución de dous Estados, instando a Hamás a desarmarse e entregar o control de Gaza á Autoridade Palestina baixo supervisión internacional.

10. Reclamar o acceso completo, seguro e sen restricións da axuda humanitaria á poboación palestina, conforme aos principios de imparcialidade, independencia e neutralidade, e rexeitar o uso da asistencia humanitaria como instrumento de guerra.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

11. Manifestar o compromiso do Concello de Ordes coa solución de dous Estados, coa legalidade internacional, a defensa dos dereitos humanos e a paz, así como a súa solidariedade co pobo palestino, especialmente con quen foron vítimas directas da violencia, do desprazamento forzoso ou da destrución dos seus fogares e infraestruturas.

12. Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, aos voceiros dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, ao Parlamento Europeo, á Embaixada do Estado de Palestina en España e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)".

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo municipal, por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, rexeitou a urxencia da moción presentada, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, para explicación do voto en contra á urxencia da moción, que sinala que como a maioría da poboación de Ordes están de acordo co noventa por cen do que se di na moción. Como non lle van a preocupar os palestinos que levan máis de catorce anos de opresión baixo o manto dun grupo terrorista de Hamás, a resposta do goberno israelí foi facer unha masacre, que é inaceptable. O que está a pasar en Gaza é inxustificable. Claro que queren o alto o fogo, a liberación dos presos palestinos, urxe a distribución de axuda humanitaria sen ningún tipo de obstáculos a poboación civil. A crise humanitaria é moi grave, hai moitas vítimas como en todo conflito bélico e armamentístico. Pero crise humanitaria tamén a hai en moitos outros conflitos que están vixentes neste momento de igual ou peor dimensión que non son tratados aquí. Yemen por exemplo 400 mil mortos e miles de nenos mutilados, Birmania con 13 mil mortos e 1,5 millón de persoas desprazadas, Sudán con 6 millóns de desprazados, as mulleres afganas mutiladas, violadas, asasinadas. Sexamos coherentes o pleno do concello de Ordes ni ningún pleno é o lugar para debater estas cuestións de política internacional por que non poden banalizar os conflitos armamentísticos, non se poden utilizar como moeda política, por que no están cualificados como concelleiros para abrir en canal este conflito, buscar solucións ou actuacións que se poidan facer. Como dixeron a comunidade internacional, Congreso dos Deputados, Parlamento Europeo, ONU e Tribunal Penal Internacional son os lugares onde se deben debater estes acordos. O seu voto en contra da urxencia da moción é por non estar cualificados nin competentes para o seu debate e votación.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Ao longo do mes de setembro recibimos numerosas queixas en canto ao transporte público que da servizo ao noso Concello, prestado por Monbus.

Diariamente, e en varios tramos horarios, as persoas teñen que viaxar de pé ata chegar ao seu destino, coas implicacións na seguridade que esta situación xera. Ademais, prodúcese habitualmente retrasos.

Estas condicións, unidas ás escasísimas frecuencias dispoñibles, conlevan que a nosa veciñanza non teña acceso ao seu dereito á mobilidade. Neste sentido, mesmo algún medios se fixeron eco do malestar.

É polo que se solicita:

Que o Concello de Ordes interveña coa administración competente para solucionar esta situación.

Que o Concello de Ordes informe ás persoas usuarias da frecuencia horaria a través dun taboleiro e/ou utilizando os medios dixitais actualmente dispoñibles.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que son coñecedores desta problemática. Están en contacto coa Dirección Xeral de Mobilidade e cos veciños afectados. Hai un problema co operador do servizo. A está a facer inspección dos servizos, aperturáronse expedientes sancionadores. A frecuencia horario pode ser publicitada.

- En Santa Cruz de Montaos, coincidindo coas coordenadas 43°02'21.5"N 8°25'33.7"W, podemos ver a estrada totalmente deteriorada.

A veciñanza amosou o seu malestar polos graves perxuízos que causa esta situación para a circulación viaria.

É polo que se solicita:

Amañar a estrada na maior brevidade posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata dunha acometida de Espina y Delfín, deuse traslado e preguntouse cal é o prazo. Dende que se fai ata a reposición da estrada ten que pasar un tempo por que ten que asentar todo. Ao longo do mes que ven.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O acceso ao ocio e á cultura é un dereito fundamental para todas as persoas, e a administración local debe promover activamente a súa accesibilidade universal. Nas festas locais, as aglomeracións e o deseño dos espazos adoitan dificultar a participación plena de persoas con mobilidade reducida ou con outras necesidades especiais.

A implementación de medidas específicas de ocio inclusivo non só cumpre coas normativas de accesibilidade, senón que tamén garante a igualdade de oportunidades e mellora a seguridade e a comodidade de todas as persoas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Algunhas propostas para superar as dificultades citadas anteriormente, son as seguintes:

- Crear espazos de descanso con mobiliario ergonómico (bancos, sillas, asentos) distribuídos de forma que non dificulten a circulación peonil.
- Reservar espazos próximos aos escenarios, saídas de emerxencia e baños, comunicados con itinerarios peonís accesibles.
- Garantir visibilidade óptima mediante plataformas elevadas ou ramplas, de xeito que asistentes en cadeiras de rodas ou de baixa estatura superen obstáculos e poidan ver o escenario.
- Dimensionar estes espazos en función do aforo e das medidas de seguridade, asegurando presenza en cada escenario do evento.
- Instalar plataformas elevadas centradas fronte ao escenario ou lateralmente, conectadas con itinerarios accesibles.
- Incluír inclinación do 8-10% (8% ideal para autonomía), con acceso seguro para persoas con mobilidade reducida e acompañantes.
- Dispor de protección lateral, dobre varanda con altura mínima e sinalización adecuada e medidas de control para garantir o uso exclusivo de persoas que realmente o necesiten.
- Instalar baños accesibles física e cognitivamente.
- Garantir que as persoas beneficiarias deste servizo poidan estar, en todo momento, acompañadas.
- Dispoñer das medidas necesarias para garantir que as persoas que accedan a estes servizos reúnan as condicións necesarias para evitar o mal uso por parte doutras persoas.

Por todo o exposto, o PSdeG de Ordes solicita:

Estudar as medidas citadas anteriormente e aplicarlas naqueles eventos multitudinarios e festas organizadas no Concello de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todas as actuacións que se fan están avaladas por un proxecto técnico de actuacións a desenvolver, asinadas por un enxeñeiro técnico industrial. Todos os eventos de carácter público axústanse ao documento que este técnico redacta.

- Durante a presente lexislatura, o Concello de Ordes non ten procedido á publicación na súa sede electrónica de información que resulta esencial para o exercicio do control democrático e o cumprimento dos principios de transparencia e bo goberno.

En concreto, non se atopan dispoñibles:

- As declaracións de bens e intereses dos membros da corporación municipal.
- As retribucións dos altos cargos e máximos responsables da entidade local.
- Os recoñecementos de compatibilidade concedidos.

Cómpre lembrar que esta información é publicada de forma ordinaria noutras administracións locais e ten sido difundida en anteriores mandatos neste mesmo concello.

Por todo o exposto, o PSdeG de Ordes solicita:

Que o Concello de Ordes adopte de maneira inmediata as medidas necesarias para publicar na súa sede electrónica a información referida, garantindo así o dereito da



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ciudadanía ao acceso á información pública e reforzando a confianza institucional mediante o cumprimento efectivo das obrigas en materia de transparencia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Sr. Habilitado nacional é coñecedor do seu rogo.

- A veciñanza da zona do Ceidón leva tempo manifestando a súa preocupación polo estado de abandono que sofren as rúas desta área, unha situación que xa foi tratada en anteriores sesións plenarias sen que se teñan adoptado medidas efectivas ata o de agora.

As beirarrúas atópanse nun estado de deterioración evidente, con fendas, desniveis e maleza que medra entre o asfalto, dificultando o tránsito peonil e ofrecendo unha imaxe de total deixadez. Ademais, as farolas están rotas ou sen funcionamento, o que contribúe á sensación de inseguridade durante as horas nocturnas.

A esta situación súmase o feito de que, segundo denuncia a veciñanza, os servizos municipais de limpeza non están a pasar regularmente pola zona. Esta falta de mantemento provoca acumulación de sucidade nas rúas, cun impacto negativo tanto na salubridade como na imaxe do barrio.

A situación actual non só afecta á estética e comodidade da zona, senón que representa un risco para a seguridade da veciñanza, especialmente para persoas maiores, crianzas ou persoas con mobilidade reducida.

É polo que se solicita:

Acometer unha intervención urxente por parte Concello para realizar as tarefas de mantemento necesarias e garantir unhas condicións dignas e seguras nas rúas do Ceidón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as imaxes que mandan son dun tramo ao fondo da travesía do Ceidón onde non hai edificacións so hai solares que se están a utilizar con fins agrícolas, como xa se ten advertido aos propietarios en numerosas ocasións moitos dos danos son ocasionados pola entrada e saída de maquinaria pesada nesas parcelas. A maleza medrou máis do normal, algo que tería que ter corrixida a empresa de servizos de limpeza. Esta mesma semana a concelleira de medio ambiente volveu a insistirle ao respecto. Esa farola que está solta tamén o estaba no mes de maio, arranxouse e volve aparecer igual, hai algo estraño, é a única que aparece danada. O propietarios ao entrar e saír das súas parcelas deben deixar a vía pública en óptimas condicións.

- O Concello de Ordes celebra anualmente o denominado “Día do Emigrante”, unha denominación que non reflicte de maneira precisa a realidade da actividade homenaxeada, dado que este ano o recoñecemento concedido correspondeu a unha persoa/familia inmigrante. Este acto merece ser destacado e poñerse en valor como exemplo de inclusión, diversidade e apertura á pluralidade cultural que caracteriza ao municipio.

Para garantir que a denominación da celebración sexa máis inclusiva, precisa e respectuosa coa realidade da cidadanía, propónselle ao Concello de Ordes modificar a denominación oficial da festa, pasando de “Día do Emigrante” a “Día da Persoa Migrante”. Este cambio permitiría recoñecer e poñer en valor tanto a emigración como



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

a inmigración, promovendo unha visión máis ampla e xusta do movemento de persoas e reforzando o compromiso do Concello coa igualdade, a diversidade e a integración.

É polo que o PSdeG de Orde solicita:

Que o Concello de Ordes modifique a denominación oficial da celebración actualmente chamada “Día do Emigrante”, pasando a chamarse “Día da Persoa Migrante” - Incorporar nas comunicacións, convocatorias e actos institucionais relacionados coa celebración a nova denominación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non é a primeira vez que se homenaxea a un inmigrante. Non foi este ano a primeira vez, xa se fixo en anteriores ocasións. Emigrante é o que abandona voluntariamente o seu país para establecerse noutro. O día do emigrante ten un porque histórico nesta comarca e en xeral en Galicia. É unha palabra cunha raíz, cunha orixe que di moito máis. Adáptase á realidade, pero non poder esquecer os orixes, vai a manterse a denominación.

- Durante a prestación de servizos municipais no Concello de Ordes, constatouse que o persoal e determinados departamentos non empregan de maneira sistemática o galego como lingua principal. Isto reflíctese, entre outros aspectos, na emisión de informes e documentos administrativos redactados frecuentemente en castelán, incluso cando a normativa vixente promove o uso do galego. Esta situación limita o pleno exercicio do dereito lingüístico da cidadanía, reduce a visibilidade e normalización da lingua galega no ámbito público e pode xerar dificultades de acceso á información para persoas que prefiren ou requiren comunicarse en galego.

É polo que o PSdeG de Orde solicita:

Que o Concello de Ordes elabore e aprobe unha normativa municipal específica que regule o uso do galego como lingua principal na prestación de todos os servizos públicos e na emisión de informes, documentos e comunicacións administrativas.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non é certo. Os servizos municipais fan os seus escritos en galego agás os que van a administración xeral do estado ou a outras comunidades autónomas. Aparte da cooficialidade do castelán.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que fiarse do que trasladan os funcionarios.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que teñen evidencias de que non é así. Non as van expor aquí no pleno.

- A seguridade da cidadanía e o bo funcionamento das festas populares constitúen un obxectivo prioritario para calquera administración local. Durante as celebracións, as atraccións e instalacións de ocio teñen un elevado nivel de afluencia, polo que a súa revisión técnica resulta fundamental para evitar accidentes e garantir que se cumplan os requisitos normativos e técnicos vixentes. Neste contexto, a realización dunha auditoría de seguridade das atraccións aporta múltiples beneficios, entre os que destacan a minimización de riscos, a tranquilidade e confianza da veciñanza, a profesionalización da xestión das festas e a promoción da transparencia e o bo goberno mediante avaliacións externas e independentes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Como exemplo de boa práctica, o Concello de Ames contratou recentemente unha auditoría técnica para revisar as atraccións das Festas da Madalena. Esta actuación permitiu detectar deficiencias e precintar aquelas instalacións que non reunían as condicións necesarias para operar con seguridade, amosando así un compromiso claro coa protección das persoas e coa responsabilidade institucional. A experiencia de Ames demostra que este tipo de medidas non só protexe á cidadanía, senón que tamén establece un estándar de calidade e rigor que pode ser seguido por outras administracións locais.

Diante desta realidade, resulta necesario que o Concello de Ordes adopte medidas similares que aseguren a correcta revisión e supervisión das atraccións nas súas festas, garantindo a seguridade, a transparencia e a confianza da veciñanza.

É polo que o PSdeG de Orde solicita:

Que o Concello de Ordes contrate unha auditoría técnica independente para revisar todas as atraccións e instalacións de ocio que se instalen nas festas populares do municipio, avaliando tanto o montaxe como o funcionamento de cada instalación.

Garantir que a auditoría permita identificar deficiencias ou riscos, e que, de ser necesario, se adopten medidas correctoras, incluíndo a suspensión ou precinto das atraccións que non cumpran cos requisitos de seguridade.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de cultura, que sinala que a auditoría realízase por Estudio Técnico Galego, S.A., despois asina o certificado de montaxe o colexiado nº 1059.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Desde fai varios meses, no parque da Constitución hai unha fonte que bota auga por fóra, o que supón que se gaste máis auga da que se debera, ademais de mollar o chan que está ao seu carón.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se amañe dita fonte.

Intervén, que sinala que esa fonte xa foi reparada, a fuga volveu aparecer. O dano é posiblemente causa de ter permitido a realización das cacharelas e que se vise danada a tubaxe de pvc existente baixo o pavimento nese entorno, moitas veces pola presión do chorro pode desbordar polo exterior. Van volver a romper e reparar a fonte. Non van permitir aí as cacharelas.

- Desde o mes de xuño deste ano 2025 existe un problema nos locais de ensaio dos baixos da alameda. O equipo de aire acondicionado presenta un funcionamento indebido posto que perde auga cando está prendido e non bota aire. O local presenta niveis de humidade elevados o que provoca a proliferación de insectos dentro da aula.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A que se amañe dito aparato para o seu correcto funcionamento.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de cultura, que sinala que non tiñan coñecemento, van a proceder a súa reparación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que resulta curioso que dende o mes de xuño ninguén trasladou nada.

- Co inicio do curso escolar, é habitual ver nas redes sociais e tableiros de novas desde finais de agosto e por suposto nos primeiros días de setembro anuncios sobre instrucións e información sobre as distintas escola deportivas, de baile, de música e outras actividades extraescolares. Horarios, disciplinas, profesorado, prezos... en definitiva, a información necesaria para ofertar este tipo de actividades para que as familias poidan organizarse no seu día a día. Porén, como xa vén ocorrendo desde fai anos, na Escola de Municipal de Música non se dispón desta información co tempo de antelación necesario. A comezos do mes de setembro ninguén ten información sobre horarios nin sobre o profesorado que vai impartir cada materia. Por suposto, ningún tipo de información se facilita na páxina web do Concello. Isto non supón un prexuízo só para as persoas usuarias, senón tamén para os profesionais da música que ven máis unha vez a súa precariedade á orde do día, non sabendo a un mes vista se van dar clase ese ano ou pola contra, terán que buscar outras alternativas á última hora.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que corrixan este funcionamento da Escola de Música e se garanta a estabilidade tanto para o persoal docente como para o alumnado, ofrecendo a tempo información básica como horarios e profesorado a impartir as materias e abrindo os prazos de matrícula con antelación para facilitar a organización e conciliación nas familias.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o profesorado é sempre o mesmo. Os cambios son por cuestións puntuais de baixas. Cando remata o curso escolar xa se fai a preinscrición, a elaboración dos horarios das distintas materias faise polos profesores, comunícanse por correo electrónico ás familias que fixeron as preinscricións, as familias piden o horario e fanse os cambios. Os horarios definitivos son os que publica o concello.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que coñecen o funcionamento pero non o consideran o máis axeitado. O lóxico sería ter establecidos uns horarios previamente e despois que os alumnos poidan decidir se poder asistir ou non nese horario.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que os horarios de instrumento van case a demanda dos alumnos segundo o que poden, póñense eles de acordo, para facilitar a asistencia, é practicamente á carta. Todos os profesores saben no mes de xuño se seguen, o único o de percusión pola xubilación do titular que se comunicou no mes de agosto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O proceso de selección do alumnado para as escolas infantís do concello de Ordes, comezou coa convocatoria en primeiro lugar para a escola infantil "Sorrisos", abrindo mais tarde a convocatoria para a escola infantil "Herminio Rial", onde un dos criterios adoptados foi dar prioridade ao alumnado que solicitara praza na escola infantil "Sorrisos" e quedara excluído.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A este respecto, a veciñanza ten trasladado a este grupo municipal, queixas sobre o citado proceso de selección do alumnado das escolas infantís do concello de Ordes, non comprendendo o motivo polo cal, sabendo que ía procederse coa apertura da escola infantil "Herminio Rial" o 01 de setembro, non se convocara o alumnado para as dúas escolas ao mesmo tempo, posto que agora existen casos de familias cuxas crianzas están na escola infantil "Sorrisos" pero tiñan preferencia polo outro centro por motivos de proximidade, ou que están na escola infantil "Herminio Rial" pero tiñan preferencia polo outro centro porque dispoñían de servizo de tarde.

O certo é que a escola infantil "Herminio Rial", entrou en funcionamento sen dispoñer dun regulamento para o seu funcionamento (horarios, almanaque, servizos, capacidade, procedementos e criterios de prioridade para a adxudicación de prazas, listas de agarda, protocolos para o ingreso e saídas do centro, funcionamento, actividades, persoal, ...etc.).

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A tramitar de urxencia, un regulamento para a escola infantil "Herminio Rial".

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que o que di non é certo en nada. Vai a dicirlle o que si é certo. Na primeira quincena de abril de 2025 abriuse o trámite de matrícula para a EIM Sorrisos que é a que tiñan en funcionamento e contaba coa autorización de apertura da Inspección de Servizos Sociais. Coas reservas das prazas de novas solicitudes elaboráronse os listados de alumnado e asignáronse as prazas dispoñibles que hai por orde de puntuación, quedando usuarios en lista de agarda. As súas preguntas no pleno contestouse que se trataría de que a EIM Herminio Rial abrise o un de setembro, era a súa idea. Ao final tiveron sorte e puideron abri-la o un de setembro. Estiveron traballando todo o verán para que lles chegase a autorización da Inspección de Servizos Sociais que lles chegou o día 29/08/25, que permitiu a apertura da EIM HR. Nese momento o que fixeron foi asignar as prazas que estaban en lista de agarda, non lles quedou máis remedio. Son prazas públicas. O motivo polo que non se convocou ao alumnado para as dúas EIMs ao mesmo tempo, foi por responsabilidade. Non se pode convocar prazas para unha EIM da que non se conta coa autorización de apertura da Xunta de Galicia. Dende que hai a gratuidade das EIMs tense a obriga inicial de asumir as normas marco das escolas infantís da Xunta de Galicia, despois para cada unha das EIMs faise un anexo que ten que ser visado e admitido pola Inspección. Neste momento están as dúas EIMs no acordo marco. Todas as especificacións que están no noso regulamento van no anexo. Cando estas especificacións estean visado a súa idea non é aprobar un regulamento para a EIM HR, é facer un regulamento conxunto para as dúas EIMs, que é lóxico.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non sabe se o 29/08/2025 había esa autorización, pero si que a primeiros de agosto adxudicaron por urxencia o contrato para xestión das EIMs SR e HR dende o 01/09 ata o 31/12/2025. Entende que se a primeiros de agosto tiñan claro e adxudicaron por urxencia a xestión da EIM HR.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que a Inspección pediu que antes do 25/08 se lle enviase a documentación, a autorización para abrir a EIM HR veu o 29/08/25. Había unha previsión, pero a autorización puido ter vido en setembro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que lles da igual se queren tramitar un regulamento conxunto co da EIM SR, pero o regulamento non está aprobado. Terá que haber unhas normas dos criterios de adxudicación das prazas que terán que ser públicas. É o lóxico, é o que piden.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que as normas marcos está expostas na EIM, o anexo tamén. Se se fixa un criterio terían que cambiar os rapaces de EIM. Non se pode ter un regulamento sen ter a posibilidade de apertura, que pasaría se non se concede a autorización.

- A zona central do paseo Ramiro Recouso Liste, adoece de tarefas de mantemento.

Pódese apreciar a inexistencia dos bordos de madeira en varios puntos do tramo, o que favorece a dispersión cara o exterior do material que forma o sendeiro.

Moitos dos farois existentes no final do tramo que contaba inicialmente con sistema de alumado, carecen de luminaria.

Por outra banda, as fontes existentes case non botan auga.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Efectuar as tarefas de conservación e mantemento precisas para emendar as eivas sinaladas no paseo Ramiro Recouso Liste.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o paseo está executado sobre as servidumes existentes sobre as parcelas por que non se adquiriron os terreos. Moitos deses deterioro veñen pola utilización desas servidumes. Nalgún caso ata teñen que atravesar o río. Co último Obradoiro de Emprego estaba prevista unha actuación integral para arranxar as pasarelas e os bordos. Moitas destas actuacións están feitas, pero debido a numerosas baixas que se deron na parte final do OE non deron completadas as tarefas pendentes. No ano que ven se teñen a sorte de que lles concedan un novo OE hai a posibilidade de que sigan actuando. Algunhas zonas perigosas foron arranxadas fai unhas semanas. Seguen faltando parte deses listóns de madeira, verase como se procede. Os farois foron retirados, houbo unha fase que recibiu un golpe, están en reparación, unha vez reparados volveranse a instalar. En relación co a fonte o que lle indican, hoxe comprobouse e as fontes funcionan, cando fixo o rogo non sabe si comprobou se estaba traballando o rego. Cando traballa o rego o que se fai é minorar o caudal das fontes para que o rego teña caudal suficiente e poida chegar o máis lonxe posible. O mesmo ocorre na época de xeadas para que non se danen as tubaxes. Foi trasladado a Espina y Delfín e a persoa que fai o mantemento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que foi dúas veces para comprobalo, un día luns sobre as nove e media da noite e botaba un fío pequeniño, e o martes debía sen as oito e pico. Non ten constancia de que o rego estivese funcionando.

- Nalgunhas rúas da vila, existen desde fai meses, problemas derivados da existencia dunha praga de ratas.

Temos constancia da existencia destes problemas na rúa Mundito e no final da avenida Alfonso Senra, cara Santiago.

A parte do perigo que pode representar para a saúde pública, derivado da posible transmisión de enfermidades, a citada praga representa tamén un problema para os negocios da zona, co risco que supón a posible entrada destes animais no interior dos mesmos e que poidan criar nalgún recuncho agochado, coma por exemplo nos almacéns.

Urxe actuar ao respecto, dado que na rúa Mundito xa resulta posible observar a presenza de exemplares de gran tamaño.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Actuar para eliminar a citada praga de ratas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as chamadas son varias ao longo do ano, especialmente na primavera e no verán. A situación da rúa de Mundito non ten nada que ver co que menciona. Todo apunta a que procede dun espazo privado que está totalmente abandonado. Mantivo unha reunión cos veciños fai un par de semanas e concordan con el. Estase vendo de que maneira se pode actuar aí coa titular dese inmovible. Xa a empresa estivo alí.

- A pista do núcleo de Pardiñas, na parroquia de Poulo, presenta un notable deterioro tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan a continuación, existindo zonas onde a pavimentación chega a estar completamente desfeita, con grava solta.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda co arranxo da citada pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta pista como moitas outras está valorada cun importe de 82.813 euros. Non se puido facer a actuación este ano co bacheo por que é en dous puntos en todo o que é o trazado. No ano 2016 votouse un rego, pasaron nove anos. Son conscientes de que eses dous puntos conflictivos é pola presenza de arborado que ten practicamente enriba en ambas marxes. Carballos centenarios. Púxose en contacto coa propiedade para vez como minimizar os danos unha vez que se actúe. Para que a actuación se mantenha no tempo. So poden actuar con aglomerado en quente. Entende que se dirixan a vostede, despois que o chamen a el cunha captura de pantalla para ver si é certo o que lle conta a eses veciños. Non pode compartir o que vostede lle traslada aos veciños. Dille “podes comprobar nas nosas publicacións que o voso caso non é algo illado, senón que é algo xeralizado en todo o concello. A política de conservación aplicada polo goberno municipal é nefasta obtendo como resultado un estado lamentable das pistas do concello”. Claro que é algo illado. O programa de conservación faise todos os anos, mantemento e bacheo. Díxolle as cifras no anterior pleno. Levan actuado con máis de 7,6 millóns de euros en 108 de 265 qm asfaltados deste termo municipal nestes 10 anos. Quedan moitas pistas por arranxar. O feito de priorizar o aglomerado sobre outro tipo de solucións provoca facer menos qm dos que se poderían facer con outros materiais menos duradeiros no tempo. Teñen localizadas e valoradas as pistas nas que é urxente actuar. Non teñen fondos suficientes para facer todas e cada unha destas actuacións. En todas e cada unha das parroquias son casos illados. A empresa de rebacheo di como ano a ano notan de maneira exponencial como teñen menos traballo por seguir apostando polo aglomerado. “Isto é algo que é froito de dez anos de goberno dun alcalde con outras prioridades que non atende as necesidades básicas dos veciños”. Intentan atendelas todas e cada unha delas. Xestionan o mellor posible o capítulo 6 dos investimentos municipais. Deixan de atender outros servizos básicos do concello. “Aínda por riba presume dun resultado orzamentario dos orzamentos de 2024 de 1,84 millóns de euros”. Non se minta, non sabe si vostede ou calquera dos seus compañeiros. O falaron xa aquí, non poden gastar o superávit por culpa do goberno central ao que vostedes apoian. Aquí están a pagar a mala xestión do goberno central os máis de 8.000 concellos de España polo feito de que no se liberan as regras fiscais. Isto é o que lle mandan con respecto a esta pista. Díganlle a verdade aos veciños, cóntenlle a realidade. É moi curioso, nunca lle aconteceu.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o dubida moito, que iso sexa un whatsapp. Que se poña a reproducir aquí unha conversa privada entre dúas persoas non sabe ata que punto



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

entra dentro da legalidade, sen autorización de ninguén. Non é a primeira vez, xa teñen feito máis cousas así. Reafírmase en todo o dito, subscribe todo punto por punto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está a recoñecer que é vostede o que manda isto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non o sabe a que conversa se refire. De whatsapp asegúralle que non.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que el non foi, pero que tamén o asina.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- O PSdeG de Ordes puido comprobar como o DESA situado nas instalacións deportivas Iván Raña non figura na aplicación do Sergas nin na aplicación Ariadna.

O Decreto 38/2017 establece a creación do Rexistro de Desfibriladores Externos de Galicia e regula que as instalacións que dispoñan dun DESA deben comunicar a súa instalación para a súa inclusión no rexistro (datos do equipo, ubicación — xeolocalización—, persoa responsable, mantemento e formación do persoal). Neste sentido, a Xunta dispón dun procedemento administrativo para dar de alta/baixa un desfibrilador, sendo esta a vía formal para comunicar a instalación á administración autonómica. A Fundación 061 actúa como entidade xestora/validadora na práctica.

Dita comunicación ten unha gran importancia práctica por diferentes cuestións:

a) Disponibilidade en emerxencias: Se o DESA non figura no rexistro/apps, os operadores do 061 e os voluntarios non o verán e non se poderá orientar a persoas próximas para usalo. A desfibrilación precoz aumenta enormemente a supervivencia en paradas cardiorrespiratorias.

b) Coordinación operativa con 061/Ariadna: Cun DESA rexistrado, o 061 pode integralo nos protocolos (xeolocalización, envío de alertas a voluntarios formados, indicacións á persoa que chama). Sen rexistro, o dispositivo queda “invisible”.

c) Cumprimento legal e responsabilidade: O titular do inmovible ou do dispositivo (neste caso, o Concello de Ordes) ten obrigas tales como o mantemento, formación do persoal, sinalización e documentación. Non rexistrar o DESA supón incumprimento do Decreto 38/2017.

d) Mantemento e seguridade técnica: A normativa estatal (RD 365/2009) e autonómica marcan requisitos de mantemento; sen rexistro, pode non controlarse a caducidade de electrodos/batería nin as revisións.

e) Responsabilidade civil/administrativa e cobertura de seguros: En caso de incidencia, a falta de rexistro/documentación pode complicar a defensa do titular e afectar a cobertura de seguros.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Comunicou, o Concello de Ordes, a instalación do DESA das instalacións deportivas Iván Raña, á administración autonómica?.

En caso de telo feito, ¿por que razón o aparello non figura nas aplicacións citadas?.

¿Existe persoal nas instalacións (durante todo o horario de apertura) con formación en reanimación cardiopulmonar e manexo do desfibrilador ao persoal as instalacións?.

¿Cando se realizou a última revisión do aparello?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que foi rexistrado o 24/05/2017. Descoñecen por que no figura nas aplicacións. O funcionario da consellería co que se comentou o tema indicou que debe ser un erro. Todo o persoal de SOS ten que ter o curso. A última revisión do aparello foi en maio 2025.

- Durante a organización de actividades e festas, varios pais e nais trasladaron queixas ao constatar que o Concello publica fotografías de nenos e nenas sen contar coa autorización previa das familias. Isto afecta especialmente a celebracións como o Día do Neno e a Nena, actividades do entroido e outros eventos similares nos que participan menores.

Noutras administracións locais é habitual requirir a cesión de imaxe antes de difundir calquera fotografía de menores, garantindo o cumprimento da normativa de protección de datos e o dereito á propia imaxe.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Que protocolo se segue actualmente no Concello de Ordes para a publicación de fotografías de persoas?.

¿Existe algunha diferenza no caso de menores?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que hai que distinguir dous tipos de publicacións. Cando se organiza calquera tipo de actividade asíñase unha folia de tratamento de datos e tratamento de imaxes de menores. Cando se publiquen imaxes de persoas identificables coa finalidade de informar das actividades levadas a cabo por organismos o que implica a previa captación dos participantes nas mesmas os feitos publicados poderían ter a consideración de noticiais co que se manifesta a existencia dun interese público de que se dea a coñecer os mesmos á colectividade. Tendo en conta o dereito constitucional á liberdade de expresión, a captación de imaxes para a súa posterior difusión será considerada lícita cando exista un interese público no seu coñecemento prevalecendo sobre os dereitos recoñecidos no art. 18 CE. Non se considera intromisión ilexítima no dereito á honra e propia imaxe dunha persoa cando a información gráfica que se publica a imaxe da persoa que acompaña á noticia sobre un suceso ou acontecemento público cando aparece como meramente accesoria. A imaxe é captada de maneira accidental e secundaria en relación co resto da información na que se inserta. Nas actividades do concello solicítase obrigatoriamente a sinatura para o tratamento de datos e imaxes. se concorres voluntariamente na rúa a un acto que está publicado como tal non é necesario pedila. Hai moitos papas que piden despois a foto.

- O PSdeG de Ordes solicitou, no pleno ordinario de xaneiro de 2025, a instalación dun Punto Violeta nas festas populares do municipio, como espazo de referencia para a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

prevención e atención de situacións de acoso ou violencia machista, así como para ofrecer información e sensibilización en materia de igualdade.

A resposta do goberno local, a través da súa voceira, foi que “se tomaba en consideración para a súa valoración cos técnicos”.

A día de hoxe non se teñen novas sobre a posta en marcha desta medida, que xa é habitual en moitos concellos e que constitúe unha boa práctica recoñecida no marco das políticas de igualdade e prevención da violencia de xénero.

É polo que se pregunta:

¿Que decisión adoptou finalmente o Concello de Ordes en relación á instalación dun Punto Violeta nas festas populares? .

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que o solicitaron para a Festa do Champiñón, Festas de Ordes. Non o concederon por falta de prazas. Este ano volverán a solicitalo.

- En relación á promoción de rehabilitación e remate de vivenda no Concello de Ordes: -

¿Que exencións fiscais oferta a administración local na actualidade?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Interventor municipal sinala que a normativa que regula as exencións fiscais recóllese no art. 133 CE, art. 9 RDL 2/2024, de 5 de marzo (TRLRFL) e arts. 8 e 22 da Lei 58/2003, de 17 de decembro. Non se refire a ningún tributo en concreto. IBI arts. 59 a 77 TRLRFL, ICIO arts. 100 a 103 TRLRFL, taxas art. 21 TRLRFL. Non se prevee nestes artigos ningún suposto de exención respecto á promoción e remate de vivenda. Pódese analizar a problemática das bonificacións, figuran nas ordenanzas de tributos municipais.

- En Merelle, a carón da estrada N-550, estanse a levar a cabo unhas obras que están a xerar preocupación entre a veciñanza. O motivo principal das queixas é que as entradas ás vivendas están a quedar excesivamente estreitas, o que dificulta seriamente o acceso de vehículos, especialmente os de grandes dimensións, como camións.

A veciñanza xa transmitiu estas preocupacións ao persoal encargado da obra, solicitando que se deixaran entradas amplas que garantiran a accesibilidade. Porén, tras a colocación das novas sinais e elementos de obra, comprobouse que o espazo dispoñible para acceder ás propiedades reduciuse de maneira considerable.

Esta situación non só representa unha molestia, senón tamén un problema práctico e potencialmente perigoso, xa que dificulta o acceso de vehículos necesarios para certos servizos, como camións de reparto, obras particulares ou mesmo vehículos de emerxencia.

É polo que se pregunta:

¿Está o Concello de Ordes facendo seguimento desta problemática?



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Vaise levar a cabo algunha actuación para garantir a accesibilidade ás vivendas nas mesmas condicións que anteriormente?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na estrada N-550 as entradas e saídas veñen definidas polo vixilante da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Non corresponde nin ao contratista das obras, dirección das obras ou concello. Si ten algunha cuestión algún veciño que se poña en contacto co concello e se lle traslada ao vixilante.

- A FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) acordou este mes de setembro na súa Comisión Executiva convocar minutos de silencio en solidariedade co pobo palestino e para condenar a ofensiva militar de Israel, reafirmando así os valores da paz e dos dereitos humanos. Esta iniciativa buscaba reflectir o sentir dunha boa parte da cidadanía galega, que asiste con preocupación ao agravamento do conflito e á crecente cifra de vítimas civís en Gaza.

A aplicación desta iniciativa non foi homoxénea en todos os concellos. Algúns gobernados polo Partido Popular, como o caso de Ordes, modificaron substancialmente o enfoque da convocatoria. Segundo o comunicado oficial emitido polo Concello, o obxectivo do acto era "condenar o antisemitismo e a islamofobia e amosar respecto por todas as culturas e relixións, así como expresar solidariedade con todas as vítimas feridas, desprazadas e aquelas que perderon os seus seres queridos en Gaza". Neste comunicado destaca a omisión de termos clave como Palestina, xenocidio ou a mención expresa de Israel como responsable da ofensiva militar, desviándose claramente do marco establecido pola FEGAMP.

Este cambio discursivo non é neutro: responde a unha estratexia comunicativa que procura diluír a responsabilidade do Estado de Israel nos feitos denunciados, optando por unha mensaxe máis ambigua e xeneralista que evita confrontar coa postura do goberno israelí. Trátase dunha forma de "despolitizar" o acto, facendo fincapé na condena de toda forma de odio e violencia sen contextualizar adecuadamente a situación de opresión e masacre que está a vivir o pobo palestino.

Pola contra, outros concellos si mantiveron o enfoque establecido pola FEGAMP e convocaron á veciñanza nos termos orixinais: condenando claramente o xenocidio executado por parte de Israel e solidarizándose expresamente co pobo palestino. Estes concellos fixeron unha lectura política e ética do momento actual, asumindo o seu papel como representantes públicos cun compromiso cos dereitos humanos e co dereito internacional.

Este contraste evidencia que, mesmo en actos aparentemente simbólicos como un minuto de silencio, se libran batallas políticas e ideolóxicas sobre como interpretar e comunicar os feitos. A elección das palabras —ou a súa omisión— é xa unha toma de posición. Neste caso, entre unha condena explícita dun acto de violencia estrutural contra un pobo e unha postura máis neutra que, ao evitar nomes e responsabilidades, contribúe a unha narrativa de equidistancia que a cidadanía considera inxusta e cómplice.

Os feitos comentados anteriormente, levan a preguntar:

¿Por que decidiu o seu goberno municipal modificar os termos da convocatoria acordada pola FEGAMP?. ¿Considera que ten autoridade para reinterpretar unha decisión colectiva da que forma parte en representación da veciñanza de Ordes?



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Non considera que a súa decisión deslexitima o papel da FEGAMP como órgano de representación conxunta dos concellos galegos e amosa unha falta de lealdade institucional? -Se a FEGAMP convocou un minuto de silencio en solidariedade co pobo palestino e para condenar a ofensiva militar de Israel, por que o noso Concello evitou mencionar expresamente tanto a palabra “Palestina” como a palabra “Israel”?.

¿Por que optaron por empregar unha linguaxe neutra que dilúe responsabilidades cando hai organismos internacionais e organizacións de dereitos humanos que falan abertamente de “xenocidio” e “crimes de guerra”?-

¿O seu goberno nega que o que está a facer Israel en Gaza sexa un xenocidio? -Que mensaxe cre que lle dá á cidadanía, especialmente á mocidade, ao eludir posicionarse claramente ante unha masacre que xa causou miles de mortes, a maioría delas nenos e nenas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a postura deste goberno municipal xa lla deixou clara a xustificación da non urxencia da moción realizada pola voceira do goberno municipal. Non lle vai a consentir mintar, que queira utilizar a nota de prensa da FEGAMP que nada ten que ver co acordo que alí ese adoptou, nin coa comunicación que mandou a Secretaria Xeral a todos e cada un dos concellos. Forma parte da Comisión Executiva da FEGAMP, estaba alí, sabe o que se acordou. O que lles chegou foi o acordo, vai lerlle literalmente o seu texto e despois comprobe a convocatoria que fixo o técnico municipal, non hai unha variación dun punto, nin dunha coma. A Comisión Executiva da FEGAMP na súa xuntanza ordinaria celebrada o martes 16/09 acordou convocar para o vindeiro venres 19/09 ao longo da xornada un acto público como símbolo de condena enérxica, repulsa ao antisemitismo e islamofobia, reafirmando o compromiso con respecto a todas as comunidades, culturas e relixións, e expresando a súa solidariedade con todas as vítimas, especialmente coas persoas desprazadas, feridas ou que perderon os seus seres queridos en Gaza. Este acto público poderá manifestarse da forma que consideredes máis axeitada, lectura dun manifesto, minuto de silencio, publicacións nas redes sociais ou outras formas. Tal cual transcrito o acordo que votaron todos os grupos na sede soberana da FEGAMP. O acordo transcribiuse de forma literal polo técnico á hora de anunciálo. Que as redes sociais e as notas de prensa da FEGAMP as instrumentalicen de forma partidista non pode supoñer que vostede veña aquí a chamarnos a atención, por que cumpriron integramente o acordo como a maioría dos concellos de Galicia que tiveron a ver facer a convocatoria. Non era obrigatoria. Non é ningún mandato, é unha proposta. Non diga o que non é, estaba alí, sabe o que se votou e o que se acordou. Non lle vai a consentir que mintar, que queira trasladarlle información falsa á cidadanía, e menos ante este pleno.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No recinto da antiga estación de tren de Parada, existe desde fai tempo (aprox. finais de xuño / comezos de xullo) un tobogán tirado.

Descoñecemos se estamos a falar dun elemento a colocar nalgures, ser obxecto de operacións de reparación ou simplemente está alí depositado agardando a ser xestionado coma residuo.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cal é a razón de que este tobogán se atope deste xeito depositado no indicado recinto?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é parte dos traballos deste último obradoiro de emprego na estación da Pontraga, houbo que retiralo por que tiña varios danos e desperfectos. O obxecto é reparalo. Dende o OE o que fixeron foi trasladalo para alí. Polas baixas do persoal nas últimas semanas non puideron completar a reparación. Unha vez reparado e adaptado á normativa instalábase na estación da Pontraga no parque infantil creado a carón dos invernadoiros. Nos vindeiros días meterase para dentro da nave almacén que teñen alí.

- Todos/as somos conscientes da vaga de lumes forestais que arrasou o noso país durante o verán.

O día 20 de agosto de 2025, saía publicada no xornal de “La Voz de Galicia”, unha nova que recollía queixas veciñais na parroquia de Montaos, pola existencia de plantacións forestais que non cumprían coa distancia mínima aos núcleos rurais.

Na citada nova, criticábase a inacción de moitos concellos para facer cumprir a lexislación sobre plantacións forestais, ademais da falta de limpeza preventiva por parte dalgúns propietarios.

No último parágrafo da nova, desde a policía local de Ordes, expúxose que no casco urbano e nas zonas próximas ao mesmo, efectúase desde fai anos unha inspección antes do verán para detectar parcelas que precisan limpeza de maleza e trasladar á propiedade a correspondente obriga; mais tamén recoñécese que nos núcleos rurais só se actúa para comprobar situacións concretas a raíz de denuncias veciñais.

Aínda que ben é certo que este verán fomos un concello afortunado con respecto aos incendios forestais, non se pode negar que existen plantacións forestais que incumpren as distancias mínimas aos núcleos rurais do noso concello.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Porqué motivos nos núcleos rurais non se efectúa de oficio unha labor de control das distancias das plantacións forestais?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa labor de control que pide ten que estar amparada nunha seguridade xurídica. Hai máis de douscentos núcleos, esta aprobado o plan de prevención e defensa contra os incendios forestais, fixéronse máis de 2.400 notificacións con datos de identificación do titular e máis de 400 sen datos. No ano 2026 unha vez aprobado o PXOM e feito o traballo a través do sistema Gis e que teñan perfectamente identificada a situación. Hai un pequeno problema nas zonas de concentración parcelaria que non está adaptado ao Catastro por que non hai toma de posesión. A cartografía catastral non se corresponde coa que resulta dos procesos de concentración parcelaria. En total hai máis de 3.000 parcelas. Este é un traballo inxente que a policía local non pode asumir de forma ordinaria. Non todas as parcelas teñen acceso directo á vía pública na zona que está repoboada, non é fácil acceder para facer o informe. No ano 2025 iniciáronse máis de 400 expedientes de deber de conservación. O ano que ven espera facelo coas notificacións de Seaga. Non ten capacidade a policía local, tampouco temos un organismo propio e diferenciada para facer este control, nos nin a maioría dos concellos. Espera que no ano 2026 se faga ese envío. Como se fixo en anos anteriores sacarase no ano 2026 ese bando xenérico recordando as obrigas dos propietarios.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que xa sabe que os medios son os que son, os efectivos da policía local dispoñibles. Unha pequena comprobación a última ortofoto máis recente dispoñible para comprobar o perímetro e as distancias ao núcleo como forma de detecta se hai unha plantación máis próxima.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que a ortofoto non da garantía xurídica, hai que ir ao Gis. A inmensa maioría das zonas complicadas coa información que se traslada mediante queixa trasládase a policía local e actúase do xeito máis inmediato posible. Con máis de 400 expedientes iniciados é síntoma de que o técnico de medio ambiente fai moi bo traballo ao longo do ano.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias